



**Deputación  
DA CORUÑA**

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e nove de xuño de dous mil dezaseis adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"32.-TOMA DE COÑECEMENTO DA FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS OUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2014.**

Tomar coñecemento do informe da Intervención Provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e a de recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2014, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2014 e da Resolución da Presidencia núm. 25.088, do 27 de decembro de 2013 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2014), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan ningunha eiva e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a cinco de xullo de dous mil dezaseis.

Vº e Pr.

